

REGULAMENTO DE PREPARACIÓN E ELECCIÓN DA CANDIDATURA QUE CONCORRERÁ ÁS ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2019 (PRIMARIAS)

PREÁMBULO

O desenvolvemento organizativo de Marea Atlántica, as aprendizaxes acumuladas, o principio de confianza e a proxección pública dalgúns dos referentes tanto da plataforma cidadá como do goberno municipal fai que esteamos ante unhas eleccións primarias cunha serie de particularidades que exceden a mera competición entre distintas opcións.

O pasado mes de xaneiro, na Marea Viva, as persoas asinantes da Marea Atlántica ratificaron, entre outros, o documento político que marca as características básicas do proceso de primarias co que nas próximas datas elaboraremos a candidatura coa que gañar as vindeiras eleccións municipais e revalidar a alcaldía.

Coma calquera outro documento político, o de primarias debía ser desenvolvido por unha normativa subsidiaria que materializase os principios xerais establecidos naquel nunha ferramenta máis precisa, adaptada ao momento da celebración deste proceso, e que implementase as melloras técnicas necesarias para garantir a transparencia do proceso e un resultado final concorde aos valores e obxectivos da Marea Atlántica. Así se establecía no propio texto da Marea Viva.

O presente regulamento vén dar resposta a ese mandato de desenvolvemento e concreción, e achega particularmente dous elementos esenciais que non se concretaran en xaneiro: o calendario do proceso e o procedemento colaborativo de confección das listas.

Coma é evidente, concretar un calendario electoral a un ano vista non é posible, xa que moitas das variables que o condicionan son impredecibles nun prazo tan longo de tempo. O presente regulamento establece, pois, o calendario definitivo do que nos dotamos para afrontar este proceso.

Por outro lado está o procedemento colaborativo para a composición das listas. A Marea Viva

apostou pola superación das lóxicas competitivas e o establecemento dun modelo colaborativo de construción das distintas candidaturas. Trátase dunha encomenda complexa, xa que nos sitúa no espazo da innovación política, que se ben é un territorio no

que a Marea Atlántica habita habitualmente, non deixa de ser un desafío notable. A proposta que se traslada ao texto regulamentario baséase na premisa principal de que toda persoa asinante do Manifesto da Marea Atlántica teña a oportunidade de trasladar as súas opinións ás persoas promotoras das candidaturas, tanto presencialmente, en espazos colectivos, como individualmente nunha ferramenta creada especificamente para este cometido.

Esta proposta é posible porque a Marea Atlántica acumula unha bagaxe en forma de experiencia política que debe ser posta ao servizo da propia organización en todas as súas expresións exteriores, como as tomas de posicións públicas, a elaboración de programas, na iniciativa política, a confección de candidaturas e no seu propio desenvolvemento orgánico.

A Marea Atlántica ten demostrado sobrada capacidade para desenvolver metodoloxías de traballo colaborativas e aplicar mecanismos innovadores para a resolución de conflitos, e conta coa existencia de dispositivos eficientes para a harmonización dos fluxos de información e a rendición de contas.

Con estes antecedentes pódese afirmar que a Marea Atlántica dispón dun punto de partida favorable, sen necesidade de forzar as costuras, para a realización dun proceso de conformación interna dunha candidatura para as eleccións primarias de febreiro de 2019.

OBXECTIVOS POLÍTICOS DO PROCEDIMENTO

Este documento ten como obxectivo regular o proceso de elaboración e elección da lista electoral da Marea Atlántica aos órganos de representación institucional da cidade da Coruña, que deberá concorrer ás eleccións municipais de 2019 .

O proceso pretende ser un exercicio de innovación e radicalidade democrática e quere reforzar o desenvolvemento das candidaturas de forma transparente, inclusiva e coa participación da organización. O sistema para elixir a lista electoral é considerado, polo tanto, o último dos pasos deste proceso participativo. Os equipos que aspiren a formar parte dos órganos de representación institucional da cidade da Coruña deben atopar na organización o soporte necesario e deben saír reforzados e fortalecidos por este proceso.

SECCIÓN PRIMEIRA. PRINCIPIOS XERAIS

Art 1. A confección e elección da lista electoral ten que atender ao momento que vive a Marea Atlántica, ao contexto no que se desenvolven as eleccións, e aos obxectivos e criterios políticos establecidos na Marea Viva. Aténdose a estes elementos, o presente regulamento responde a estes principios xerais:

- Autonomía. As persoas que soliciten apoio da organización para a construción de candidaturas deben facelo de xeito completamente autónomo, sen que se poida impoñer esta vía. O nivel de sometemento á decisión colectiva debe ser tamén decidido polas persoas impulsoras das candidaturas.
- Igualdade de oportunidades. A organización debe manterse neutral ao respecto do proceso, sen tomar partido por ningunha das distintas opcións, no caso de que existan, e á vez dotar a todas dos recursos que soliciten, tanto materiais como de espazo, pero en ningún caso económicos.
- Igualdade de xénero. Este regulamento é o reflexo do firme compromiso da Marea Atlántica coa igualdade de xénero máis alá do que ten que ver coa paridade. Dotámonos dun clausulado no que entendemos a igualdade plena como un mínimo para avanzar na liña da necesaria feminización da política que cruza desde a nosa candidatura ata o noso traballo institucional.
- Escoita activa. As candidaturas que decidan sumarse ao proceso de construción cooperativa comprométese a escoitar activamente ás persoas e sensibilidades que integran á Marea Atlántica.
- Facilitación. O proceso terá unha metodoloxía acorde aos fins que persegue e que será común a todas as candidaturas que se acollan a el.
- Confidencialidade. A fin de coidar ás persoas que participen no proceso, a información persoal que poda introducirse no mesmo, será confidencial.
- Cohesión da organización e dos órganos escollidos. O resultado do proceso de primarias precisa corresponderse cos valores e obxectivos da Marea Atlántica no momento actual, en orde a servir dun xeito eficiente e equitativo á cidadanía da Coruña.
- Participación da organización e simplicidade do proceso. O proceso de elección da candidatura que nos represente nas eleccións do vindeiro ano debe contar coa participación das persoas da Marea Atlántica. A tal fin, poranse a disposición das candidaturas dispositivos que faciliten tal participación do xeito máis sinxelo e accesible que sexa posible.

- Garantir a integridade do sistema electoral. O sistema electoral empregado pola Marea Atlántica na confección da súa lista contará en todo caso coas debidas garantías de seguridade e transparencia.

SECCIÓN SEGUNDA. ÓRGANO COMPETENTE PARA CONVOCAR ELECCIÓN.

Art 2. Correspóndelle á Coordinadora, por delegación da Rede, a convocatoria oficial das Primarias Abertas da Marea Atlántica, segundo o calendario previsto no artigo 3 do presente Regulamento.

Art 3. Calendario:

3 de decembro

Rede para a aprobación deste calendario, do desenvolvemento do documento de primarias da Marea Viva e do regulamento de campaña.

00:00h do 5 de decembro

Apertura de prazo para a presentación de candidaturas para o Órgano de Arbitraxe Electoral.

23:59h do 10 de decembro

Peche do prazo de presentación de candidaturas para o Órgano de Arbitraxe.

11 e 12 de decembro

Subsanacións erros na presentación de candidaturas para o Órgano de Arbitraxe.

13 de decembro

Convocatoria da Rede e envío por correo das candidaturas para o Órgano de Arbitraxe.

23:59h do 18 de decembro

Peche do censo.

20 de decembro

Rede con aprobación definitiva do Órgano de Arbitraxe. Inicio do proceso de confección de candidaturas.

18 de xaneiro.

Apertura do prazo para a recepción de candidaturas. Apertura do prazo para a solicitude de voto telemático.

23:59 h do 3 de febreiro

Peche do prazo para a presentación de candidaturas.

4 de febreiro

Publicación provisional

4 a 6 de febreiro

Subsanación de erros

7 de febreiro

Proclamación definitiva de candidaturas e peche do prazo para a solicitude de dereito a voto telemático.

10:00 h do 8 de febreiro a 23:59 h do 14 de febreiro

Campaña electoral

10:00 h do 15 de febreiro a 21:59 h 17 de febreiro

Votación

18 de febreiro

Proclamación provisional de resultados

19 e 20 febreiro

Período de reclamacións.

21 de febreiro

Rede e proclamación definitiva.

28 de marzo

Rede para escoller os notables da lista.

Art 4. O proceso electoral comeza coa publicación da súa convocatoria, que terá que ser trasladada ao censo da Marea Atlántica a través das seguintes canles:

- a) Correo electrónico.
- b) Publicación na web da Marea Atlántica.

Art 5 . A convocatoria de eleccións conterá a seguinte información:

- a) Calendario electoral.
- b) Requisitos para presentar unha candidatura.
- c) Vías de presentación de alegacións e impugnacións, e mecanismo de contacto co Órgano Electoral.
- d) Copia do presente regulamento.

SECCIÓN 3. DEREITO A VOTO E PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

I Dereito a voto

Art 6.1 No proceso de primarias de Marea Atlántica terá dereito ao voto toda persoa maior de 16 anos que reúna as seguintes condicións:

- a) Sexa asinante do manifesto da Marea Atlántica.
- b) Asine o manifesto antes de que peche o censo.
- c) Residise un mínimo de 6 meses dentro dos últimos cinco anos no Concello da Coruña. Para este requisito esixírase demostración documental mediante padrón, contrato de vivenda ou facturas de suministros. A única excepción a este requisito será a das persoas que non residan na Coruña pero que teñan plenos dereitos políticos na Marea Atlántica (entendendo por tales as persoas con dereito a participar na Rede) adquiridos ata un ano antes da convocatoria destas primarias.

Art 6.2 Durante o proceso de votación, prioritariamente presencial no local da Marea Atlántica ou telemático de xeito rogado en casos debidamente xustificadas, requirírase un compromiso de veracidade que garanta o anterior punto. A este efecto o grupo de Ferramentas de Marea Atlántica, someterá a referendo da Rede un protocolo de Garantías sobre o uso do voto telemático.

Art 6.3 A Marea Atlántica obrígase a manter a condición de segredo do voto e ao cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e do Regulamento (UE) 2016/719 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Art 6.4 As persoas con plenos dereitos políticos dentro da Marea Atlántica (entendendo por tales as persoas con dereito a participar na Rede) terán tamén a condición de avalistas de candidaturas, sempre e cando non sexan candidatas ás primarias, posuíndo un máximo de cinco avais para persoas candidatas.

II Presentación de candidaturas.

Art 7.1. Requerimentos para candidatarse. Será elixible calquera persoa con residencia na Coruña que cumpra cos requisitos recollidos nos artigos 177 e 178 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral e cumpra ademais os seguintes requisitos imprescindibles:

- a) Ter asinado o Manifesto da Marea Atlántica, como compromiso de cumprimento dos seus obxectivos políticos.
- b) Manifestar por escrito un compromiso de cumprimento do Código Ético da Marea Atlántica.
- c) Estar en posesión dos avais que establece o presente Regulamento.
- d) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de exclusión.

Art 7.2 O Órgano de Arbitraje Electoral porá a disposición de toda a mareancia os formularios oficiais correspondentes, que deberán ser entregados en tempo e forma, unha vez cumprimentados, a través do correo electrónico primarias@mareatlantica.org ou presencialmente no local da Marea Atlántica en R/ Praza do Humor no 1– Baixo, entre o día 18 de xaneiro de 2019 ás 23.59 horas e as 23.59 horas do 3 de febreiro de 2019 en horario de 18:00 a 21.00 horas.

Art 8. Criterios de exclusión. Non posuirán a condición de elixíbeis as persoas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ser representante pública nalgunha outra institución distinta do Concello da Coruña, agás o caso daquelas persoas que pola súa condición son deputadas provinciais na actualidade.

- b) Ter ostentado algún tipo de responsabilidade como representante pública por forzas políticas distintas á Marea Atlántica no Concello da Coruña.
- c) As persoas que tiveran sido electas en calquera momento en candidaturas ao Congreso, Senado e Parlamento de Galicia ata a data de convocatoria de ditas primarias.
- d) As persoas que formasen parte de candidaturas distintas á da Marea Atlántica que concorresen ás eleccións municipais do mes de maio de 2015.
- e) As persoas imputadas por delitos relacionados con corrupción, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, suborno e malversación e apropiación de fondos públicos, sexa por interese propio ou para favorecer a terceiras persoas.
- f) As persoas en situación de imputación xudicial por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos ecolóxicos ou contra os dereitos humanos ou os dereitos das persoas traballadoras.
- g) En calquera caso, as persoas que se atopen nalgunha das situación que o código ético da Marea Atlántica contempla como causa de cese ou dimisión.

Nota: Entenderase por imputación xudicial a existencia dunha resolución motivada onde un xuíz estime a existencia de indicios racionais de delito.

Art 9. Avais.

- a) Terán a condición de avalistas as persoas activas en grupos de traballo ou mareas e con plenos dereitos políticos na Marea Atlántica a día 18 de decembro, data de peche do censo de primarias e que non sexan parte de ningunha candidatura.
- b) Cada avalista poderá avalar a cinco persoas para a candidatura.
- c) Os avais deberán ser formalizados empregando o formulario oficial e entregaranse acompañados dunha fotocopia do DNI da persoa avalista.
- d) Correspóndelle ao Órgano de Arbitraje Electoral a potestade de validar os avais entregados en tempo e forma e segundo se establece no presente Regulamento.
- e) No caso de que o Órgano de Arbitraje Electoral detecte que unha mesma persoa avala máis de cinco persoas comunicarallo ao mesmo tempo que se fai pública a relación de candidaturas. A persoa avalista deberá subsanar o erro antes da proclamación definitiva.
- f) Para concorrer en calquera posto da lista, a persoa aspirante precisa de 5 avais.

- g) Os avais, así como toda a documentación entregada polas persoas candidatas, serán custodiados polo Órgano de Arbitraje Electoral.

Art 10. Compromisos asumidos pola Marea Atlántica coa persoa aspirante:

- a) Trato igualitario na difusión da súa candidatura.
- b) Garantía de igualdade de oportunidades.
- c) Posta a disposición da persoa candidata de recursos telemáticos para a promoción da súa candidatura.
- d) Respecto pola intimidade da persoa candidata, difundindo só os datos que desexe publicar e os meramente obrigatorios.
- e) Posta a disposición da candidata/o dos respectivos formularios para a presentación de avais.

SECCIÓN 4. CONFECCIÓN DAS CANDIDATURAS.

Dereitos das persoas precandidatas

Art 11. Antes de confeccionar a candidatura, as persoas que desexen encabezar unha lista, poderán abrir un proceso de deliberación para facer participada pola mareancia a súa lista, no que recollerá as inquedanzas e suxestións de quen conforma a Marea Atlántica: tanto aquelas con plenos dereitos políticos como as asinantes do manifesto. As persoas precandidatas teñen dereito a empregar os recursos de Marea Atlántica, facilitándolle a organización o uso do local, do servizo de mediación e dos seus recursos comunicativos para aqueles actos que queira facer públicos. As persoas precandidatas teñen dereito a reclamar á Coordinadora unha convocatoria de Rede para trasladar a esta a información que considere. As persoas precandidatas teñen dereito a ser acompañada aos encontros coa mareancia dun máximo de tres persoas, cuxos nomes debe comunicar ao órgano de arbitraje. As persoas precandidatas teñen dereito a facer público o seu desexo de candidatar e a facer a comunicación do proceso de confección, incluídos perfís en redes sociais, sempre e cando informe da existencia destes ao Órgano de Arbitraje e teña informado ao grupo de comunicación de Marea Atlántica. A Marea Atlántica facilitará os recursos necesarios e unha metodoloxía para o debate e recollida de propostas da

mareancia, de xeito que o proceso sexa coherente cos seus obxectivos, e garanta a igualdade de oportunidades.

Art 12. Todas as persoas asinantes do manifesto poderán facer chegar as súas propostas a través dun buzón electrónico que será habilitado con esta finalidade. Este buzón poderá ter o seu correspondente físico. As propostas deberán estar asinadas e serán entregadas exclusivamente ás persoas que vaian encabezar as candidaturas. O envío de suxestións ao buzón non é incompatible coa asistencia aos encontros presenciais.

Art 13 Deberes das persoas precandidatas.

Art 13.1 As persoas cabeza de lista que desexen abrir un proceso de deliberación, deben comunicarllo á Coordinadora e ao Órgano de arbitraje electoral a partir do 20 de decembro. Esta comunicación poderá facerse, ben por escrito ante estes órganos, ben publicamente ante a Rede. Nesta comunicación farase constar o nome das tres persoas que as acompañarán aos sucesivos encontros presenciais, o compromiso de cumprimento do Código Ético e, se o desexan, un pequeno documento político ca motivación da súa candidatura.

Art 13.2 As persoas que desexen encabezar unha lista asistirán como mínimo a tres encontros abertos con persoas inscritas, aos que deberán ser convocadas, cando menos, as persoas que forman parte da Coordinadora, as que estean a traballar no programa para o período 2019- 2023 e as que formen parte da Marea Atlántica nos barrios da cidade. Estes encontros serán convocados pola Coordinadora segundo un calendario consensuado entre as interesadas. Cada persoa inscrita poderá asistir unicamente a unha delas por cabeza de lista, así, as persoas convocadas a máis de unha terán que escoller a cal das convocatorias asistir. As candidatas poden convocar tantas reunións como desexan, e ir acompañadas a estas xuntanzas dun máximo de tres persoas para funcións de axuda á persoa candidata, que non terán voz, cuestións ambas que serán comunicadas ao Órgano de Arbitraje. Nestes encontros, as persoas que encabecen cada lista explicarán os seus proxectos e recollerán as propostas de perfís e criterios para candidatas que poderían formar parte dos seus equipos.

Art 14. Convocarase un acto para que cada cabeza de lista faga unha devolución dos resultados dos encontros e presentarán os seus equipos e explicarán:

- a) A presenza de perfis suficientes para dar resposta ás tarefas, funcións e responsabilidades previstas.
- b) No seu caso, a proporción entre membros do actual grupo municipal e novas incorporacións.

SECCIÓN 5. CARACTERÍSTICAS DAS CANDIDATURAS.

Art 15. As persoas que aspiren a encabezar a candidatura da Marea Atlántica ás eleccións municipais de 2019 presentarán candidaturas de 20 persoas, avaladas cada unha delas por 5 persoas, segundo o establecido no presente Regulamento.

As listas serán, como mínimo, paritarias, procurando na medida do posible achegarse ao máximo legal permitido de 3 mulleres en cada tramo de 5 postos. Igualmente, a candidatura configurarase de tal xeito que dous homes non poderán ocupar posicións consecutivas na mesma, sempre tendo que ser un home precedido e sucedido por unha muller.

Nota: A única excepción a este norma sería que un home desexase encabezar a candidatura.

Art 16. Ningunha candidatura poderá empregar na súa denominación referencias directas ou indirectas a organizacións políticas formalmente constituídas.

SECCIÓN 6. IGUALDADE DE XÉNERO

Art 17. As listas deberán, como mínimo, cumprir criterios de paridade (50%)

Art 18. No caso de que o resultado non sexa acorde ao principio da paridade total, o Órgano de Arbitraje Electoral corraxirá a lista para facer cumprir tal principio, facendo pública a súa resolución.

SECCIÓN 7. ARBITRAXE

Art 20 Composición

Art 20.1 Crearase un órgano de supervisión do procedemento de Primarias Abertas denominado Órgano de Arbitraxe Electoral.

Art 20.2 Conformación do Órgano de Arbitraxe Electoral.

- a) Estará composto por tres persoas seleccionadas pola Rede baixo criterios de coñecemento de procesos electorais, confianza e dispoñibilidade, garantindo en todo caso a paridade de xénero na súa composición. A estas persoas sumarase unha persoa representante, pero non parte, de cada lista, que terá voz, pero non voto, nas súas deliberacións. Ademais destas, a Rede escollerá tres persoas suplentes. Ditas persoas deben ter plenos dereitos políticos dentro da Marea Atlántica (entendendo por tales as persoas con dereito a participar na Rede adquiridos antes das 23:59 horas do 10 de decembro de 2018, data de peche para a presentación de candidaturas para o Órgano de Arbitraxe).
- b) A composición do Órgano de Arbitraxe Electoral será designada e referendada por consenso pola Rede, ou no seu defecto por maioría.
- c) A composición do Órgano de Arbitraxe Electoral decidida pola Rede debe ser paritaria.
- d) A data límite de conformación do Órgano de Arbitraxe Electoral é o 20 de decembro de 2018.

Art 21 Incompatibilidades do Órgano de Arbitraxe Electoral

Art 21.1 Non poderán formar parte do Órgano de Arbitraxe Electoral aquelas persoas que sexan candidatas a formar parte da lista nin as persoas que sexan membros da Coordinadora da Marea Atlántica.

Art 21.2 As persoas que forman parte do Órgano de Arbitraxe Electoral non poderán facer campaña nin solicitar o voto para ningunha lista.

Art 22 Causas de expulsión do Órgano de Arbitraxe Electoral

Serán expulsadas do Órgano de Arbitraxe Electoral aquelas persoas que incorran nalgún dos seguintes supostos:

- a) Aquelas que soliciten publicamente, e por calquera medio, o voto para unha candidatura.
- b) Aquelas que cedan a persoas alleas a dito órgano calquera tipo de dato persoal de terceiras persoas.

A expulsión rexerese polo mesmo mecanismo de toma de decisións que afecta a todos os actos do Órgano de Arbitraxe.

Art 23 Competencias do Órgano de Arbitraxe Electoral

As competencias do Órgano de arbitraxe electoral serán:

- a) Garantir o cumprimento deste Regulamento.
- b) Poñer ao dispor das persoas interesadas os formularios correspondentes para a presentación de avais, listas, incluídos os compromisos de cumprimento do Código Ético.
- c) Garantir a igualdade de oportunidades durante o proceso de campaña.
- d) Aprobar as candidaturas presentadas.
- e) Resolver as distintas queixas, denuncias e irregularidades que se manifesten durante o proceso de primarias.
- f) Revisar os avais e a documentación acreditativa de residencia na cidade.
- g) Elaborar un documento de consideracións para as persoas candidatas que conteña as recomendacións e límites para levar a cabo a campaña electoral.
- h) Designar e formar as persoas que actuarán como interventoras e asistentes durante o proceso de votación telemática asistida, quedando excluídas do papel de asistente as persoas que formen parte dalgunha candidatura.
- i) Designar unha persoa en representación do Órgano de Arbitraxe Electoral que forme parte da Coordinadora da Marea Atlántica con voz pero sen voto durante todo o proceso electoral. Ese posto de coordinación pode ser rotativo.
- j) Validar ou anular os avais presentados.
- k) Validar ou anular as listas presentadas.
- l) Elaborar resolucións a respecto dos conflitos e queixas que se podan producir nas inscricións, o contido dos avais e candidaturas.
- m) Instar á Coordinadora da Marea Atlántica a executar o réxime sancionador.
- n) Interpretar baleiros do presente regulamento.

- o) Realizar a corrección de xénero sobre o resultado final que garanta a paridade na candidatura da Marea Atlántica segundo o establecido no artigo 15.
- p) No que se refire ao proceso deliberativo de confección de candidaturas, o órgano de arbitraje electoral validará as credenciais das persoas impulsoras de candidaturas e das persoas que as auxiliien de acordo aos requisitos do presente regulamento, garantirá a asistencia a unha soa xuntanza por persoa inscrita na Marea Atlántica, e velará polo bo funcionamento dos buzóns das persoas candidatas.

Art 24. Mecanismo para a toma de decisión do Órgano de Arbitraje Electoral

O Órgano de Arbitraje Electoral adoptará as súas decisións por maioría dos seus membros. No caso de ser instado a executar o réxime sancionador, o Grupo de Traballo de Coordinación tamén deberá adoptar as súas decisión por maioría dos seus membros.

Art 25. Das infraccións do procedemento electoral.

Art 25.1 Existirán dous niveis de infracción: leve e grave.

Art 25.2 Dúas infraccións leves suporán, ao igual que unha grave, a anulación da candidatura.

Art 25.3 Terán a condición de infraccións leves os seguintes supostos:

- a) A non comunicación ao Órgano de Arbitraje Electoral da celebración de actos públicos en que se solicite o voto para unha candidatura, durante o proceso previo e durante a propia campaña.
- b) A solicitude de voto a través calquera medio de comunicación fóra do proceso de campaña.

Art 25.4 Terán condición de infraccións graves os seguintes supostos:

- a) A celebración de actos públicos en que se solicite o voto durante o proceso previo á campaña de primarias.
- b) A difusión de mensaxes negativas sobre outras candidaturas.
- c) A solicitude de voto durante a campaña a través de medios de comunicación privados, públicos ou comunitarios, non entrando en dita consideracións os perfís en redes sociais.
- d) A edición de material propagandístico solicitando o voto para unha candidatura.

- e) A utilización das ferramentas orgánicas de comunicación dunha organización política, ou da propia Marea Atlántica, solicitando o voto durante o proceso previo e durante a propia campaña.

Art 26.1 O Órgano de Arbitraje actuará como organismo sancionador de oficio ou a instancia de parte. Poderán presentar queixas diante do Órgano de Arbitraje relativas á actuación doutros candidatos/as as persoas participantes no proceso de primarias.

Art 26.2 Unha vez detectada ou denunciada unha infracción, o Órgano de Arbitraje designará por consenso a tres persoas da Coordinadora para que fagan a función de instrución, que nun prazo de 24 horas dará audiencia ás partes e elaborará un expediente que trasladará ao Órgano de Arbitraje Electoral. A persoa denunciada terá dereito, ademais, a presentar, en idéntico prazo, alegacións escritas a respecto da conduta baixo investigación.

Art 26.3 Durante este proceso, a persoa denunciada ten dereito a presentar unha alegación motivada.

Art 26.4 Tras escoitar ás partes, e acordar, no seu caso, as dilixencias probatorias que estime precisas, o Órgano de Arbitraje emitirá unha resolución, que deberá ser motivada e comunicada á persoa denunciada e, no seu caso, denunciante. No caso de que a resolución recolla a existencia dunha sanción e realice unha proposta de sanción comunicaraa tamén ao Grupo de Traballo de Coordinación.

Art 26.5 Á vista da proposta de sanción, a persoa afectada poderá presentar un recurso de reposición diante do Órgano de Arbitraje no prazo de 24 horas. Recibidas as alegacións, ou rematado o sinalado prazo, o Órgano de Arbitraje emitirá a resolución definitiva motivada, confirmando ou modificando a proposta remitida dende o Órgano de Arbitraje.

SECCIÓN 8. VOTACIÓN

Art 27. Tipo de votación

Art 27.1 A votación nas Primarias Abertas da Marea Atlántica realizarase nun único acto, votando por calquera das listas presentadas, permitíndose o voto en branco.

Art 27.2 As candidaturas aparecerán na pantalla ordenadas de esquerda a dereita en orde aleatoria ou sorteada polo Órgano de Arbitraje Electoral.

Art 28.1 A lista de titulares da candidatura da Marea Atlántica será completada con persoas de consenso que pola súa proxección pública avalen todo o proceso, con este fin serán reservados un máximo de 4 postos ao final da lista.

Art 28.2 No caso de que sexa necesario completar a candidatura, sexan os postos titulares ou suplentes, o será por consenso na Rede, a proposta da Coordinadora.

SECCIÓN 9. CAMPAÑA ELECTORAL.

Art 29. Dereitos das persoas candidatas:

- a) As persoas candidatas teñen dereito a recibir un trato igualitario por parte da Marea Atlántica.
- b) Dereito a acudir ante o Órgano de Arbitraje para denunciar as cuestións que considere gravosas para o proceso.
- c) Dereito a un espazo dentro das ferramentas telemáticas facilitadas pola Marea Atlántica para a promoción de candidaturas. No devandito espazo poderán publicitar os motivos da súa candidatura mediante textos e fotografía. Cada unha das persoas candidatas estará representada por unha fotografía, un breve texto non superior aos 140 caracteres e un texto maior, de 500 caracteres, onde poderá expresar a súa visión persoal e por que cre que a súa candidatura debe ser merecedora do voto no proceso de primarias. A presenza das listas nestes espazos terá unha orde aleatoria. Así mesmo, os medios dixitais propios da Marea Atlántica enlazarán —se as compoñentes das listas así o desexan— aos perfís persoais na rede das persoas

candidatas, facilitando que a cidadanía interesada en participar no proceso de primarias poida interpelalos directamente.

- d) Dereito a solicitar o voto para a súa candidatura a través dos seus propios perfís en redes sociais.
- e) Dereito a celebrar actos públicos durante a campaña nos que se solicite o voto para dita candidatura, toda vez que estes sexan previamente comunicados en tempo e forma ao Órgano de Arbitraje Electoral.

Art 30. Deberes das persoas candidatas:

- a) Deber de gardar o debido respecto polo resto de persoas candidatas dentro das mensaxes e actos de promoción da súa candidatura.
- b) Deber de actuar acorde a este Regulamento e ás resolucións do Órgano de Arbitraje Electoral.

Art 31.1. Está prohibida a difusión de candidaturas mediante publicidade pagada en medios de comunicación.

Art 31.2 A Marea Atlántica ofrecerá a todas as candidaturas presentadas o mesmo peso dentro da comunicación tanto interna como externa.

Art 31.3 Estará prohibida a aparición en medios de comunicación públicos, privados ou comunitarios solicitando o voto, como así contempla o réxime sancionador.

Art 31.4 Estará prohibida a edición de material propagandístico físico para a promoción dunha candidatura, como así contempla o réxime sancionador.

Art 31.5 O Órgano de Arbitraje Electoral emitirá unha serie de consideracións que serán recibidas por cada persoa candidata no momento de candidatarse para coñecer como pode levar a cabo a promoción da súa opción.

Art 32. A campaña electoral comezará o 8 de febreiro e rematará o 14 de febreiro de 2018.

SECCIÓN 10. SISTEMA DE VOTACIÓN

Art 33.1 A electora ou elector emite o seu voto a favor dunha lista que contén 20 persoas candidatas presentadas de forma prelada.

Art 33.2 O sistema de conteo farase baixo un sistema proporcional D'Hont, é dicir, o resultado obtido por cada candidatura divídese de xeito secuencial e crecente entre o número de postos a repartir. No caso desta candidatura do 1 ao 23 (dada a reserva dos últimos catro postos para persoas designadas pola Rede), os 23 maiores cocientes obteñen un posto na candidatura.

Art 33.3 No caso de que unha das listas supere o 65% dos votos obterá automaticamente os primeiros cinco postos da candidatura, aplicándose a proporcionalidade, por tanto, a partir do 6o posto.

SECCIÓN 11. XORNADAS ELECTORAIS.

Art 34.2. Habilitaranse un ou máis espazos a efectos de colexio electoral, segundo decida o Órgano de Arbitraje Electoral, nos que se votará a través dun ordenador. Nos devanditos colexios estarán persoas do Grupo de Ferramentas para facilitar a votación e do Órgano de Arbitraje Electoral, coa posibilidade de que as suplentes de dito órgano podan exercer ese día, para garantir a limpeza do proceso.

Art 34.3. Celebraranse tres xornadas electorais consecutivas os días 15, 16 e 17 de febreiro.

Art 34.4 O período de votación rematará ás 23:59 horas do 17 de febreiro de 2019.

Art 35. Ademais das ferramentas de seguridade que oferta a ferramenta telemática, o órgano de Arbitraje velará pola seguridade do proceso.

Art 36.1. O escrutinio será realizado pola propia ferramenta telemática e publicado para a súa impugnación, se procede, en todas as ferramentas comunicativas da Marea Atlántica.

SECCIÓN 12. PROCLAMACIÓN DA CANDIDATURA.

Art 37. A candidatura será proclamada polo Órgano de Arbitraje o 18 de febreiro de 2019.

Art 38. Os resultados parciais publicaranse o 18 de febreiro de 2019. Abrirase un prazo de alegacións entre os días 19 e 20 de febreiro de 2019. A publicación definitiva dos resultados será o 21 de febreiro de 2019.